Teléfono 986 55 30 05 - Telefax 986 55 34 42
Internet: www.morana.org
E-mail: morana@concellos.depontevedra.es
Rúa 1, n.º 2 - SANTA LUCÍA
36660 MORAÑA (Pontevedra)

CONCELLO DE MORAÑA

# BANDO

# AXUDAS para (MULLERES EMPRENDEDORAS)

## Creación de empresas

Dª María Luisa Piñeiro Arcos, Alcaldesa - Presidenta do Concello de Moraña

FAI SABER: Que a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas Xustiza da Xunta de Galicia convocou as **AXUDAS do Programa EMEGA 2012,** que entre outras, comprende as **axudas da liña EMPRENDE para empresas formadas por mulleres**.

**BENEFICIARIAS** (Liña emprende): Mulleres que poñan en marcha unha pequena empresa e que cumpran, entre outras, as seguintes condicións:

- Que acrediten ausencia de actividade laboral (derivada de situación legal de desemprego ou de inactividade por maternidade e/ou coidado de persoas dependentes a cargo), por un período mínimo de tres meses inmediatamente anteriores ao día primeiro do mes de alta na actividade.
- Que se creen na empresa os postos de traballo de todas as promotoras e, no caso de dunha soa promotora, se cree, ademais, un posto por conta allea para unha muller.
- Que o inicio de actividade se produza nos doce meses anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes (22 de xuño), computándose dentro do prazo as altas que se produzan en calquera data dos meses de maio e xuño.

- **LIÑA EMPRENDE:**
  - **Prima de 12.000 euros** ás empresas que creen dous postos de traballo por conta propia ou un posto por conta propia e un posto por conta allea con contrato indefinido para mulleres.
  - **Prima de 18.000 euros** ás empresas que creen máis de dous postos de traballo por conta propia para mulleres.
  - **Prima de 20.000 euros** ás empresas que creen dous postos de traballo por conta propia e un posto por conta allea con contrato indefinido para mulleres.
  - **Prima de 22.000 euros** ás empresas que creen dous postos de traballo por conta propia e dous postos por conta allea con contrato indefinido para mulleres.
- **LIÑA CONCILIA:** Prima de 3.000 euros por empresa con promotoras con fillos/as menores de tres anos.

***PRAZO XERAL** de presentación de solicitudes: **22 de xuño de 2012**.*

**Información e asesoramento: Concello de Moraña ( 986 55 30 05).**

Moraña, 23 de maio de 2012

A ALCALDESA

Asdo. María Luisa Piñeiro Arcos

CONCELLO DE MORAÑA (Pontevedra)